



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

CLAVE: DH.V27.57484

DISCOSTA NORTE, S.L., de conformidade co artigo 245 do Regulamento do dominio público hidráulico, solicita autorización para o vertido por infiltración no terreo (cunca da costa de Lugo entre Ribadeo e Foz) dun caudal máximo de 1.092 m³/ano de augas residuais industriais depuradas e dun caudal máximo de 288 m³/ano de augas residuais domésticas depuradas, todas elas procedentes dunhas instalacións dedicadas a embotellado e comercialización de viño localizadas en Dompniñor (t.m. Ribadeo).

As augas residuais industriais xeradas nas instalacións son recollidas e canalizadas cara un sistema de depuración composto polos seguintes dispositivos:

- Tanque de homoxeneización fabricado en poliéster reforzado con fibra de vidro, cun volume de 20 m³ e de dimensións 2,4 m de diámetro e 5,2 m de altura.
- Reactor compacto de aireación prolongada fabricado en poliéster reforzado con fibra de vidro cun volume de 20 m³ (15 m³ de aireación e 5 m³ de decantación) e de dimensións 2,4 m de diámetro e 5,2 m de altura.
- Filtro de carbón activado.

As augas residuais industriais domésticas xeradas nas instalacións son recollidas e canalizadas cara unha fosa séptica deseñada para 40 habitantes equivalentes, de 36 m³ de capacidade, e posteriormente a un pozo de decantación de dimensións 1,75 x 1 m.

Logo do seu tratamento, as augas residuais industriais e as augas residuais domésticas, vértense conxuntamente por infiltración no terreo (cunca da costa de Lugo entre Ribadeo e Foz) mediante catro condutos filtrantes de 15 cm de diámetro e 5 m de lonxitude, separados entre si 2 m, no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=656.207; Y=4.822.791.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de **TRINTA (30) DÍAS**, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas da entidade Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sitas na praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Monelos, na rúa Vicente Ferrer, núm.2 - 9º andar da Coruña; onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.- A xefa da Área de Vertidos, Leticia Valladares López.

R. 1594,8

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE EMPREGO

Anuncio



CONVOCATORIA E BASES DA MEDIDA 8.2.3.1 FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PRENDE! BOTA RAICES NO RURAL

INTRODUCCIÓN

O cambio demográfico é un dos grandes retos aos que se enfrontan as administracións públicas pois afecta o seu equilibrio económico, social, cultural, territorial, ambiental.... A Deputación de Lugo lanza un novo programa, co fin de dinamizar as zonas rurais dos concellos de menos de 5000 habitantes, e así combater o reto demográfico e despoboamento nas zonas rurais. Para elo propón captar o talento dos mozos e mozas da nosa contorna e incentivar o emprendemento, completar a súa formación en sectores de alta demanda así coma fomentar a contratación por parte do tecido empresarial das zonas rurais, fomentando así a empregabilidade dos mozos, colectivo con alta dificultade para atopar emprego de calidade conseguindo así un dobre obxectivo, axudar a mellorar as condicións demográficas e fortalecer as capacidades emprendedoras de zonas con despoboación ou alto envellecemento.

Este proxecto é unha aposta por un cambio no que vivir e traballar no rural e posible, podendo converterse nestes momentos nunha oportunidade para os mozos da provincia e que non precisen emigrar a outra comarca ou país, aproveitando as vantaxes dun mundo globalizado onde todo esta o alcance dun “CLICK”, ademais estase a producir unha gran transformación no mercado de traballo, desaparición de postos, robotización, novos perfís e cualificacións,...todo isto provoca unha serie de cambios sociais e culturais, que con leva a un proceso de unificación dos modos de vida, así coma das pautas de desenvolvemento da vida cotiá que levan a valorar outros aspectos que xeren calidade de vida tales como a xornadas continuas, teletraballo, redes sociais sen fronteiras, protección do medio ambiente, sen perder a competitividade, a apertura da mente e a evolución pero dende a sustentabilidade.

Sen olvidar que a mocidade é un tesouro que debemos coidar e que por diversas razóns, tales coma a crise económica, mercados non flexibles, precariedade laboral, cultura de medo dos empresarios o compromiso que xera a contratación indefinida fronte as súas vantaxes, as novas xeracións estalles constando arrincar, aínda que os mozos da nosa provincia están formados, teñen ambición, saben idiomas, valoran a súa terra e cultura... Como administración pública debemos ofrecer ferramentas que faciliten o seu afincamento e crecemento profesional no territorio e se convertan en panca de cambio desterrando a necesidade de saír fora da zona rural para triunfar ou ter éxito na vida, de aí nace a Medida 8.2.3.1 “Genérate tu empleo en el Rural”.

Este programa encádrase dentro da convocatoria efectuada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública a través do Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego, e emprendemento colectivo dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación no marco do “Programa Operativo de Empleo Juvenil del Fondo Social Europeo” (Axudas EMP-POEJ) a través de catro medidas, que se irán publicando a través da correspondente convocatoria de forma escalonada:

- Medida 8.2.3.1, “GENERATE TU EMPLEO EN EL RURAL”, medida de formación
- Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”, axuda o emprendemento individual
- Medida 8.2.3.4 “TU EMPLEO EN EL RURAL”, axuda os socios de economía social
- Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”, axudas para a contratación por conta allea a empresas localizadas nalgún dos concellos do Anexo I.

Artigo 1. Finalidade e obxecto

A finalidade deste programa é a de contribuír a mellora da empregabilidade mediante a formación a través da Medida 8.2.3.1, “GENERATE TU EMPLEO EN EL RURAL” consistindo na financiación dos custos directos de formación en materia de autoemprego e creación de empresas, así coma de formación específica en materias de sectores concretos: hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e mediambiente, por considerarse estes sectores emerxentes e de gran potencialidade na nosa provincia.

Esta orde ten por obxecto establecer unha convocatoria para seleccionar os mozos e mozas dentro dun programa de formación no que cobrarán unha axuda económica, que sirva para afincar os mozos no rural e así combater o reto demográfico dando unha oportunidade os mozos e mozas da provincia de Lugo que se atopen empadroados nalgún dos concellos participantes relacionados no Anexo I e inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil.



Durante este proceso os mozos e mozas beneficiarios percibirán unha axuda económica mentres participen na formación para cubrir os gastos de asistencia a formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación por coidados de familiares de 13,45€ por participante e día de asistencia completo.

As actividades e prazas ofertadas son as que se relacionan no seguinte cadro, en cada unha delas impartirase unha formación concentrada nos aspectos básicos e fundamentais mais valorados polas empresas de cada unha das especialidades a impartir de 50 horas, atendo as recomendacións das asociacións sectoriais coñecedores das necesidades do mesmo dentro da provincia, e outras 50 horas adicadas a xestión da empresa, parte fundamental de cara o futuro emprendemento ou o traballo por conta allea, xa que o coñecemento xeral de xestión do funcionamento interno dunha empresa é básico para desempeñar calquera posto dentro dunha empresa.

ACTIVIDADE	HORAS	DÍAS	PAZAS OFERTADAS	ZONA
Hostaleira e turismo	100	20	14	1.SUR*
Enerxía e auga	100	20	13	2.MARIÑA*
Agricultura e gandería	100	20	8	3.CENTRO *
Medio ambiente	100	20	15	4.MONTAÑA*
Autoemprego	50	10	9	5 ***

*Celebrarase no concello máis céntrico en función dos beneficiarios seleccionados.

*** Celebrarase no lugar onde se concentre a maioría dos beneficiarios para evitar desprazamentos.

No caso de que non existan suficientes solicitudes nas zonas referidas, a formación poderá ter lugar nunha zona distinta a mencionada para cada unha das actividades anteriormente propostas.

Artigo 2. Beneficiarios

Está dirixida aqueles mozos e mozas que desexen participar na formación dalgunha das materias específicas propostas e que cumpran cos requisitos definidos no artigo 3, que queiran asentarse a súa vivenda nalgún concello dos participantes definidos no Anexo I destas bases.

Artigo 3. Requisitos dos Mozos participantes:

Os mozos e mozas participantes deberán cumprir as obrigas e requisitos esixidos nesta orde e na normativa xeral do programa Real Decreto 1234/2018 de 5 de Outubro que cumpran os seguintes requisitos:

- Mozos e mozas maiores de 16 e menores de 30 anos no momento da solicitude. Para o caso de cumprir os 30 anos en breve, poderá ser destinatario destas axudas sempre e cando inicie a súa participación no programa antes de que transcorran 4 meses dende o seu cumprimento, neste caso específico poderá finalizar a participación no mesmo.
- Estar inscritos no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil.
- E obriga indispensable que os mozos e mozas beneficiarios de calquera medida estean empadroados durante o período de vixencia da subvención nalgún dos municipios definidos no artigo 2 do Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, e recollidos no Anexo I – Listaxe Concellos desta convocatoria.
- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia

Para o exame e cumprimento dos requisitos esixidos establécense dous momentos, o primeiro será na solicitude e o segundo na iniciación de cada medida, coa excepción referida na letra a) deste artigo, polo que a súa permanencia no proxecto será compatible co inicio dun traballo durante o período de formación sempre que sexan compatibles.

A este efecto entenderase por inicio da actuación, independente para cada medida:

- Para as actuacións na medida de formación, o primeiro día que o participante inicie a acción formativa para a que foi seleccionado.

Artigo 4. Financiamento

As subvencións as que se refiren as seguintes bases, están recollidas dentro do “Programa Prende! Bota raíces no rural” e convócanse en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito dispoñible.



Esta axuda estará financiada nun 91,89% polo “Programa Operativo de Empleo Juvenil del Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ)”, a diferenza é asumida por fondos propios da Deputación de Lugo.

O financiamento da actividade prevista nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 2410.481 dos orzamentos do ano 2019,2020 e estenderase a actuación ata 2021, por importe de 14.660,50 € para axudas económicas para sufragar os custes de asistencia a mesma, coa seguinte distribución de acordo as medidas previstas dentro do Programa Prende! Bota raíces no rural:

Denominación :8.2.3.1 **Générate tu empleo en el rural**

	Anualidades							
Aplicación Orzamentaria	2019		2020		2021		Subvención	Fondos propios
	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
2410.481 (Axudas)	2.694,21€	237,79 €	6.735,54€	594,46 €	4.041,32€	357,18€		
	2.932,00 €		7.330,00 €		4.398,50 €		13.471,07€	1.189,43€

O importe máximo da axuda por participante, no suposto de asistir o total de días completos de formación establecidos para cada unha das actividades formativas será de 269 €, para as actividades de Hostaleira e turismo, Enerxía e auga, Agricultura e gandería ,Medio ambiente e de 134.50€ para autoemprego.

Artigo 5. Actuacións subvencionables

Os mozos e mozas beneficiarios da formación percibirán unha axuda económica por cada día de asistencia para compensar os gastos que esta puidera ocasionar, de 13,45 € por día de asistencia. As faltas de asistencia aínda que sexan xustificadas non serán obxecto de abono. A xornada diaria será de 5 horas de formación.

No caso de producirse un abandono durante a formación non se pagará a parte proporcional dos días de asistencia.

Artigo 6. Documentación, forma e prazos da solicitude de adhesión.

6.1. Documentación a achegar.

Medida 8.2.3.1, “GENERATE TU EMPLEO EN EL RURAL”

Os mozos e mozas interesados en participar, deberán comunicar a súa vontade de adhesión (Modelo de Solicitud), segundo os modelos aprobados pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, estarán dispoñibles e poderán descargarse no seguinte enlace <http://sede.deputacionlugo.org>, manifestando expresamente que asume os deberes e compromisos previstos no programa mediante a súa sinatura xunto coa seguinte documentación:

6.2. Documentación específica da solicitude:

Xeral :

- Solicitud de adhesión a Medida 8.2.3.1. “Genérate tu empleo en el rural”. Prende! Bota Raíces no Rural asinada.
- DNI ou NIE do solicitante e do representante de ser o caso
- C.V actualizado.
- Certificado de empadramento a data da solicitude.
- Xustificante de inscrición no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil.
- Anexo II – Declaración responsable do participante ao inicio da actuación asinado.
- Anexo III - Autorización para actuar como representante a efectos da solicitude, de ser o caso.
- Certificacións de estar o corrente das obrigas tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Certificado da conta bancaria onde conste como titular o solicitante.

Específica:

- Certificado de discapacidade, vulnerabilidade, copia cotexada do libro de familia, ou certificado de empadramento da unidade familiar de ser o caso, para acreditar a situación familiar.
- Copia cotexada da titulación de maior rango.



6.3. Forma e prazos de presentación da solicitude.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de adhesión presentaranse preferentemente telemáticamente a través da sede electrónica: <http://sede.deputacionlugo.org> ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude o/a solicitante deberá identificarse a través dun certificado dixital dos recoñecidos na Lei 59/2003 de sinatura dixital. No caso de presentar a solicitude a través de representante deberase utilizar o certificado dixital da persoa que conste como tal na solicitude. O mesmo certificado utilizado para a identificación utilizarase para o proceso de presentación e sinatura dixital da solicitude, para iso será preciso ter instalada a aplicación Autofirma da Administración Xeral do Estado e que se pode descargar na seguinte ligazón: <http://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html>

Non se admitirá máis dunha solicitude por mozo ou moza, en caso de aconteza tal circunstancia a segunda instancia quedará inválida, na cal deberá establecer a orde de prelación nas actividades de formación nas que desexa participar, non sendo necesario elixilas todas, esta elección será atendo a gustos e preferencias baseadas nas características persoais de cada participante.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o seguinte a publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación Provincial concederá un prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das listaxes de requirimento no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, para a corrección das deficiencias detectadas nas solicitudes da subvención. Mediante acordo da Xunta de Goberno declararase o desestímulo daquelas solicitudes que non se axusten ao establecido nas bases ou que non emendaran as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, de todo o anterior publicárase a listaxe de a fase Admitidos e Excluídos na medida 8.2.3.1.

6.4. Comunicacions

As comunicacións aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Calquera acto ou comunicación relativa ao presente programa que proceda en virtude do procedemento administrativo, farase pública no Taboleiro de Anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación.

Artigo 7. Selección dos mozos e mozas beneficiarias.

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrência competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no artigo 19.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia “A efectos desta lei, terá a consideración de concorrência competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar co límite fixado na convocatoria, dentro do crédito dispoñible e das pazas ofertadas, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios”

Para a selección dos mozos e mozas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, actuando como secretaria a Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego, e que se reuniran en cada unha das fases de valoración, proponendo o resultado da avaliación efectuada da totalidade dos expedientes.

Revisada a documentación aportada, o proceso de selección dos mozos e mozas participantes na formación dividírase en dúas fases:

A primeira (Fase I) consistirá na valoración por parte da Comisión de valoración da documentación achegada, de acordo aos seguintes criterios:



FASE I		
CRITERIOS		PUNTUACIÓN MÁXIMA
ANTIGÜIDADE INSCRCIÓN FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL		20
MENOS DE 6 MESES		10
ENTRE 6-12 MESES		15
MAIS DE 12 MESES		20
IDADE		20
16-20		10
21-25		15
26-30		20
FORMACION*		20
SEN ESTUDOS	Curso más de 50h	2
	Curso menos 25h	3
FORMACION NON REGLADA		15
Cert. de profesionalidade	Nivel 3	4
	Nivel 2	6
	Nivel 1	8
Cursos de más de 200 h		10
Cursos de entre 50 -200 h		15
FORMACION REGLADA		20
Ciclos de F. Profesional	Medio	20
	Superior	16
Grao/Diplomatura/Licenciatura		11
Master/Posgrado		9
SITUACION PERSOAL		10
RESPONSABILIDADES FAMILIARES		4
Fillos a cargo		2
Maiores a cargo		2



COLECTIVO VULNERABLE ACREDITABLE	6
Capacidade diferente	2
Vítima violencia de xénero	2
Inmigrante	2
TOTAL FASE I	70

A valoración do nivel formativo será sobre a formación de maior nivel do total da documentación aportada.

Ex: Solicitante que posúe un ciclo superior e un certificado de profesionalidade de nivel 3. Puntuará o de maior nivel, neste caso sería o ciclo superior con 16 puntos.

A segunda (Fase II), consistirá nunha entrevista persoal, realizada pola comisión de valoración nomeada para o efecto , con cada un dos mozos e mozas admitidos na primeira fase, para valorar os perfís máis idóneos e conseguir o éxito do programa, asentar xente nova no rural .

A Comisión valorará conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial, tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos:

FASE II	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MAXIMA
ACTITUDE	16
CARA O PROXECTO	8
POSITIVA	(5-8)
NEGATIVA	(1-4)
VIVIR NO RURAL	8
OPORTUNIDADE	(5-8)
OBRIGA	(1-4)
IDONEIDADE	5
MOTIVACIÓN	9
ALTA	(7-9)
MEDIA	(4-6)
BAIXA	(1-3)
TOTAL FASE II	30

TOTAL FASE I + FASE II	100
-------------------------------	------------

Na entrevista persoal valoraranse tres aspectos, do seguinte xeito:

- A. Actitude, entendendo por esta a disposición ou animo que mostra na entrevista ou cara o programa, cualidades tales coma : asertividade, curiosidade, amabilidade, proactividade, adaptabilidade, interese, compromiso, actitude receptiva son aspectos relevantes a valorar pola comisión seguindo o novo enfoque das políticas de recursos humanos nos procesos de selección actuais.



Dentro desta, estableceranse niveis de cara a actitude o proxecto (positiva ou negativa) e vivir no rural (oportunidade ou obriga) en termos comparativos.

- B. Idoneidade: adecuación do mozo/a o itinerario futuro, entendendo por este vivir no rural, traballar no rural e no sector elixido.
- C. Motivación: é un estado interno que activa, dirixe e mantén a conduta da persoa cara un fin determinado, en definitiva o impulso que move o mozo/a a participar neste programa, que se anticipe a valorar os pro e contras e teña claro a súa participación. Establecendo tres niveis; alto(quere traballar no rural, no sector elixido.), medio (a importancia reside en atopar un posto de traballo) e baixo (pouca disposición a vivir no rural e o sector)

O total máximo de puntuación obtida na suma de tódolos os ítems será de 100 puntos. No caso de empate o criterio para establecer a orde de prelación dos mozos e mozas seleccionados será, tendo en conta e polo seguinte orde, posuír unha capacidade diferente, ser muller e no caso de persistir o empate será a data de inscrición no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, acreditado a través da documentación que se achega coa solicitude.

Rematada a selección publicarase a listaxe definitiva dos mozos e mozas seleccionados para cada unha das especialidades de formación, así como a listaxe de reserva.

O órgano instrutor dos expedientes será a Área de Promoción Económica e Social.

Artigo 8. Resolución

A aprobación da Medida 8.2.3.1. “Genérate tu empleo en rural”, cos mozos e mozas seleccionados, efectuarase pola Xunta de Goberno, de acordo co artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40, 42 e 43 da Lei 39/2015 mediante a publicación no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> e no BOP de Lugo.

Unha vez publicada a resolución definitiva, os mozos e mozas beneficiarios de ser o caso disporán dun prazo de 3 días hábiles para a renuncia a formación concedida, axustándose o modelo normalizado (Anexo III – Renuncia), transcorrido dito prazo sen que se produza a manifestación expresa da mesma entenderase tacitamente aceptada.

O prazo para resolver e notificar é de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

A resolución de concesión conterá os mozos e mozas beneficiarios por cada un dos sectores de formación, así como o importe da subvención máxima sempre que acuda a totalidade da formación, ademais incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario/a, non foran beneficiarias por exceder das prazas convocadas e contías máximas do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma, dando lugar a condición de mozos e mozas de reserva.

Neste suposto, si se renunciase por parte dalgún mozo ou moza beneficiario, o órgano outorgante acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención o mozo solicitante seguinte a aquel, por orde de puntuación, sempre que o trámite da entrega da documentación contida na solicitude estivese completa ou sexa entregado por parte do mozo/a, para formalizar o expediente coa data límite de 2 días hábiles despois de iniciar a formación, por resultar imposible acadar aptitude fora de ese prazo.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sección de Promoción Económica e Emprego responsable da iniciativa publicará no BOP e na súa páxina web oficial a relación dos candidatos beneficiarias das accións formativas do programa e o importe da subvención outorgada a cada un deles.

Artigo 9. Compromisos e deberes para os mozos beneficiarios

- Asistencia e aproveitamento da formación recibida. Entenderase por persoal formado o que obtivera o diploma ou certificado acreditativo de realizar a formación admitindo como ausencias xustificadas hasta o 10% das horas totais de súa duración, estas non serán remuneradas.
- Realización de carácter obrigatorio da proba de coñecemento para cada acción formativa.
- Entrega de certificado de empadramento nalgún dos concellos referido no Anexo I, no inicio e final da acción formativa.



Artigo 10. Compromisos da Deputación de Lugo

- Realizar o pago da axuda establecida finalizada a formación tras comprobación do número de días completos da asistencia.
- Entrega de certificado acreditativo ou diplomada da actividade realizada.
- Axuda a busca activa de traballo dos mozos e mozas participantes beneficiarios ou non, inscritos na Axencia de Colocación.
- Participación preferente nas futuras convocatorias das medidas 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”, axuda o emprendemento individual, 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”, axuda os socios de economía social, Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN NO RURAL”, axudas para a contratación por conta allea a empresas.

Artigo 11. Tramitación pago axuda

O pago da axuda realizarase nun único pagamento unha vez finalizada a formación e será ingresada a través de transferencia bancaria, no número de conta facilitado no momento da solicitude. O importe máximo será o resultado do produto dos días de asistencia completa por 13,45 €, sendo cada xornada de formación de 5 horas diarias, previa comprobación do computo de días asistidos. Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ou aboamentos a conta.

O expediente incorporará de cada un dos participantes a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo ou diplomada da actividade realizada.
- Certificado de computo de días asistidos .
- Declaración de cada participante de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- Declaración de non recibir outras axudas públicas ou privadas para a mesma actividade.
- Certificado de estar o corrente das obrigas tributarias (Axencia tributaria estatal, Axencia tributaria autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo.
- Certificado de número de conta onde apareza como titular o beneficiario.

Artigo 12. Compatibilidade das axudas

Estas axudas non serán compatibles con calquera outra obtida para o mesmo fin por outras administracións públicas.

Artigo 13. Causas excepcionais

As dúbidas ou controversias en relación de calquera índole serán resoltas pola comisión de valoración nomeada para o efecto, por propia iniciativa ou por petición de calquera dos candidatos beneficiarios

Artigo 14. Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Artigo 15. Penalizacións, Revogación e reintegro.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

Procederá a revisión das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, previa tramitación do procedemento correspondente.



As obrigas de reintegro establecidas nos anexos desta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Aos beneficiarios das subvencións canalizadas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003

Artigo 16. Réxime de recursos.

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Artigo 17. Protección de datos

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Xestión programas de emprego
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á AXENCIA DE COLOCACIÓN e á Xunta de Galicia.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o punto seguinte, “información adicional sobre a protección dos seus datos persoais”.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS

Aos efectos previstos no “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)”, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 – 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

FINALIDADE

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da xestión de programas de emprego.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter



obligatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS

Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á Axencia de Colocación e á Xunta de Galicia.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, en DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).

Artigo 17. Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE nº L 352, do 24 de decembro de 2013).
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As declaracións responsables previstas nestas bases fornecerán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.



ANEXO I
LISTAXE DE CONCELLOS

ABADIN	NAVIA DE SUARNA
ALFOZ	NEGUEIRA DE MUÑIZ
ANTAS DE ULLA	NOGAIS, AS
BALEIRA	OUROL
BARALLA	PALAS DE REI
BARREIROS	PANTÓN
BECERREÁ	PARADELA
BEGONTE	PÁRAMO, O
BÓVEDA	PASTORIZA, A
CARBALLEDO	PEDRAFITA DO CEBREIRO
CASTRO DE REI	POBRA DO BROLLÓN, A
CASTROVERDE	POL
CERVANTES	PONTENOVA, A
CERVO	PORTOMARÍN
CORGO, O	QUIROGA
COSPEITO	RÁBADE
CHANTADA	RIBAS DE SIL
FOLGOSO DO COUREL	RIBEIRA DE PIQUÍN
FONSAGRADA,A	RIOTORTO
FRIOL	SAMOS
GUITIRIZ	SAVIÑAO, O
GUNTÍN	SOBER
INCIO, O	TABOADA
LÁNCARA	TRABADA
LOURENZÁ	TRIACASTELA
MEIRA	VALADOURO, O
MONDOÑEDO	VICEDO, O
MONTERROSO	XERMADE
MURAS	XOVE



Rúa San Marcos, 8
27001 LUGO
Tlf: 982260000
www.deputacionlugo.gal
emprego@deputacionlugo.org

SOLICITUDE MOZOS/AS
PROGRAMA PRENDE BOTA RAÍCES NO RURAL
"GENÉRATE TU EMPLEO EN EL RURAL"

POR FAVOR ENCHER OS CAMPOS EN MAIÚSCULAS

IDENTIFICACIÓN DO MOZO/A

NOME E APELIDOS			DNI/NIE		
DADE	DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO			
LOCALIDADE ONDE SE ATOPA EMPADROADO/A		CÓDIGO POSTAL		TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO					
DATA ANTIGÜEDAD EN DESEMPREGO (se procede)					

REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
-----------------	---------

O/a solicitante, D./ Dña. _____ AUTORIZA a
D./Dña. _____ a ostentar a representación suficiente para actuar no
meu nome aos efectos da presentación da solicitude do presente programa.

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS (non encher no caso de ser o mesmo que na identificación)

ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

MEDIDA 8.2.3.1 "GENÉRATE TU EMPLEO EN EL RURAL" (elixiranse por orde de preferencia aquelas nas que se esté interesado/a)

	AUTOEMPREGO E CREACIÓN DE EMPRESAS: Adquisición de coñecementos para a posta en marcha dun negocio.
	HOSTALERÍA E TURISMO: Formación xeral en servizos de hostalaría.
	ENERXÍA E AUGA: Formación en enerxías renovables.
	AGRICULTURA E GANDERÍA: Formación en materia agrogandeira.
	MEDIO AMBIENTE: Formación en materia forestal/madeira.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- ☐ Declaración de non recibir outras axudas públicas ou privadas para a mesma actividade.
- ☐ Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade que non estou incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Declaro que me atopo ao corrente nas miñas obrigas tributarias (Axencia estatal e autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, no momento da sinatura da presente declaración e que se comprometo a manter o cumprimento das anteditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.
- ☐ Declaro non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración e que se comprometo a manter o cumprimento de antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ao exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación Provincial de Lugo.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

XERAL	
	DNI ou NIE
	CV actualizado
	Certificado de empadramento
	Xustificante de inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
	Certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal e Autonómica, Seguridade Social e Recadación Provincial. So no caso de non autorizar a súa comprobación.
	Certificado da conta bancaria onde conste coma titular o solicitante.
ESPECÍFICA	
	Certificado de discapacidade, vulnerabilidade, copia cotexada do libro de familia ou certificado de empadramento da unidade familiar dependendo da situación que proceda.
	Copia cotexada da titulación académica de maior rango, de ser o caso

NOTA: Toda a documentación achegada deberá ter carácter auténtico conforme á lexislación vixente.

AUTORIZACIÓN

Coa presentación desta solicitude o asinante AUTORIZA á Deputación Provincial de Lugo consultar e/ou comprobar os datos de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal das Administracións Tributarias, Administración Tributaria Galega; estar ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e estar ao corrente das obrigas coa Deputación Provincial de Lugo, a través das plataformas de intermediación de datos das Administracións correspondentes.

Se NON desexas autorizar a consulta telemática de datos, marca expresamente a túa non autorización. Neste caso, deberás acompañar á solicitude a documentación acreditativa dos citados datos:

	Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
	Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Administración Tributaria Galega.
	Estar ao corrente coas obrigas da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
	Estar ao corrente coas obrigas da Deputación Provincial de Lugo.

Coa presentación desta solicitude o asinante AUTORIZA a súa inclusión na Axencia de Colocación da Deputación Provincial de Lugo a efectos de ser informado sobre ofertas de emprego e formación acordes ao seu perfil e, a inclusión de datos na aplicación informática HEBE pertencente ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública a efectos dos indicadores regulados na Resolución do Director General de Cooperación Autonómica e Local pola que se aproban as instrucións para a aplicación e desenvolvemento do “Programa Operativo de Empleo Juvenil del Fondo Social Europeo”. RD 1234/2018, de 5 de outubro.

DATA E SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

En _____, a _____ de _____ de 20__

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

PROTECCIÓN E XESTIÓN DOS DATOS PERSOAIS

“Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Xestión programas de emprego
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	Durante a tramitación do expediente publicarase información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á AXENCIA DE COLOCACIÓN e á Xunta de Galicia.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS

Aos efectos previstos no “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)”, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 – 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

FINALIDADE

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da xestión de programas de emprego. Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS

Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á Axencia de Colocación e á Xunta de Galicia.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, na DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos)

En _____ a _____ de _____ de 20____

(sinatura)

**ANEXO II- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PARTICIPANTE AO INICIO DA ACTUACIÓN****Datos básicos do/a participante:**

NOME	
APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CODIGO POSTAL	
TELÉFONO	
EMAIL	

DECLARO QUE:

- ☐ resto de información persoal proporcionada ao Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no momento da miña inscrición atópase debidamente actualizada.

A) Mozos que se atopan nos seus catro primeiros meses de inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil:

- ☐ Atópome rexistrado como beneficiario no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil desde o día __/__/____, sen que transcorresen catro meses desde a citada data.

B) Mozos que superaron o período de catro meses rexistrados no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil:

- ☐ Non traballei no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
☐ Non recibín accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
☐ Non recibín accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
☐ Manteño e cumpo as condicións polas que podo participar como beneficiario no Sistema de Garantía Xuvenil

Lugar e data:

Sinatura do/a participante ou representante

**ANEXO III – AUTORIZACIÓN PARA ACTUAR COMO REPRESENTANTE A EFECTOS DE SOLICITUD**

O/a solicitante, D./ Dna.

con NIF

AUTORIZA a D./Dna.

a ostentar a representación suficiente para actuar no meu nome aos efectos da presentación da olicitude do presente programa.

Lugar e data:

Sinatura do/a participante ou representante



**ANEXO IV- RENUNCIA A PARTICIPACIÓN NA MEDIDA 8.2.3.1. “GENÉRATE TU EMPLEO EN EL RURAL”
PRENDE ! BOTA RAICES NO RURAL**

D./Dna.

con NIF

EXPOÑO que, sendo seleccionado para ser beneficiario/a da Medida 8.2.3.1. “Genérate tu empleo en el rural” do Programa Prende! Bota raíces no rural, mediante o presente escrito, MANIFESTO A MIÑA RENUNCIA a participar no mesmo.

Lugar e data:

Sinatura do/a participante ou representante

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

En cumprimento do acordado en Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo celebrada con data 5 de decembro de 2019 procédese á publicación das Bases específicas de consolidación de emprego temporal para o acceso en propiedade a tres prazas de operario de servizos múltiples do concello de Carballedo, incluídas na oferta de emprego público aprobada mediante resolución de alcaldía de data 11 de xaneiro de 2018 (DOGA do 10 de abril de 2018).

“BASES ESPECÍFICAS DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE CARBALLEDO, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO APROBADA MEDIANTE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 11 DE XANEIRO DE 2018 E PUBLICADA NO DOGA DE 10 DE ABRIL 2018.

I.-OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura en propiedade, mediante o sistema de concurso-oposición libre, de tres prazas (3), de natureza Laboral Fixo incluídas na Relación de Postos de Traballo, denominación: Operario de servizos múltiples do servizo de Vías e Obras do Concello de Carballedo

Ditas prazas resultan ser: 3 operarios de servizos múltiples

II.-RÉXIME APLICABLE

A presente convocatoria rexerase polas Bases Xerais aprobadas polo Concello de Carballedo dentro do seu Plan de Consolidación de Emprego, incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2018 (DOGA do 10 de abril de 2018), aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2018, e que foron publicadas no BOP. Nº226 do 1 de outubro de 2018, coa excepción daquelas disposicións específicas que a continuación se indiquen.

III.-SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

Quen desexe tomar parte nestas probas selectivas, deberán cumprimentar a solicitude nos termos previstos nas bases xerais e presentala no Rexistro Xeral das Oficinas Municipais do Concello, ou a través dos medios sinalados nas citadas bases.

IV.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución, que se publicará no Boletín oficial da Provincia de Lugo , que conterá a relación provisional de persoas admitidas e excluídas á realización das probas, tribunal cualificador e de ser o caso a data da realización da primeira proba.

Os aspirantes poderán, no caso de erro ou exclusión, emendar os defectos en que incorran na solicitude, ou realizar as alegacións que crean convenientes no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas, de acordo co establecido no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP- Transcorrido o prazo anterior, vistas as alegacións e emendados os defectos, se procedese, ditarase resolución que elevará a definitiva a lista de persoas admitidas e excluídas, a realización das probas que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos do Concello de Carballedo e na sede electrónica do Concello ([https:// carballedo. sedelectronica.es](https://carballedo.sedelectronica.es)).

Na resolución, mediante a que se faga pública a lista definitiva de admitidos á realización das probas establecerase, con polo menos 15 días de antelación, a data, o lugar de celebración e a hora de comezo do primeiro exercicio, así como, a orde de chamamento dos aspirantes, iniciándose a orde na letra “ Q” conforme ao resultado do sorteo celebrado o día 24 de xaneiro de 2019 (DOG número 25, do 5 de febreiro de 2019). Igualmente constará o nome dos membros do Tribunal Cualificador, a efectos de poder instar a súa recusación nos termos previstos legalmente.

Proba de coñecemento do castelán para quen non posúan a nacionalidade española: Con carácter previo á realización das probas da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e da súa orixe non se desprenda o coñecemento do castelán deberán acreditar o coñecemento do mesmo mediante a realización dunha proba, na que se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escritura nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no Real Decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE). A proba cualificarase de "apto" ou "non apto", sendo necesario obter a valoración de "apto" para pasar a realizar as probas da fase de oposición.

O lugar e data de realización desta proba determinarase mediante Resolución do Alcalde-Presidente do Concello. Quedan eximidos de realizar esta proba quen estea en posesión do Diploma Superior de Español como Lingua Estranxeira establecido polo Real Decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE), ou do Certificado de Aptitude en Español para Estranxeiros expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas, ou acrediten estar en posesión dunha titulación académica española expedida polo órgano oficial competente no territorio español.

V.- TITULACIÓN

Non se esixe.

VI.-PROBAS SELECTIVAS

O procedemento de selección de aspirantes será o de concurso-oposición libre, que constará dunha fase de oposición cun exame teórico tipo test e outro exame práctico, cunha valoración máxima conxunta de 6 puntos.

A fase de concurso valorarase ata un máximo de 4 puntos.

As probas selectivas serán as establecidas nas Bases Xerais coas seguintes especificacións.

FASE DE CONCURSO:

Puntuarase 0,02 puntos por mes traballado, ou fracción, en postos da mesma categoría ao da praza á que se opta, ata un máximo de 4 puntos, atendendo ás especificacións establecidas nas Bases Xerais. Esta experiencia acreditarase mediante certificación da vida laboral ou certificado do concello/os en que se especifique este extremo.

FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización de dous exercicios que puntuarán como máximo 6 puntos, sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

Entre exercicio e exercicio mediará un prazo de 72 horas. Con todo, a proposta do tribunal cualificador e, mediante aceptación por escrito dos aspirantes, poderanse realizar no mesmo día dous ou máis probas. Poderase convocar para o primeiro exercicio tipo test varias prazas para a súa realización conxunta, someténdose cada praza ao seu temario específico, atendendo respectivamente os grupos establecidos na Oferta de Emprego Público do Concello Carballedo, publicada en DOGA do 10 de abril de 2018. Os aspirantes durante a súa realización non poderán facer uso de ningún texto ou material de consulta.

A.- PROBA SOBRE MATERIAS COMÚNS

Consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de cinco preguntas con tres respostas alternativas sobre as materias comúns do temario, e sen que penalicen as respostas erróneas. Terá unha duración de 30 minutos, e unha puntuación máxima de 2 puntos.

B.- PROBAS SOBRE MATERIAS ESPECÍFICAS

Proba teórico – práctica, que consistirá no desenvolvemento dun caso práctico a elixir entre os propostos polo Tribunal e que versará sobre contidos das materias específicas do temario, nun tempo máximo de 2 horas.

O caso práctico constará dunha parte teórica que consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de cinco preguntas con tres respostas alternativas sobre as materias específicas do temario, sen que penalicen as respostas erróneas. Terá unha duración de una hora e unha puntuación máxima de 2 puntos.

Tamén constará dunha parte práctica na que o tribunal poderá establecer probas destinadas a avaliar o coñecemento e uso da maquinaria relacionada con cada unha das prazas, ou técnicas de traballo. A proba práctica terá unha duración de una hora e unha puntuación máxima de 2 puntos.

O presente exercizo terá unha puntuación total máxima de 4 puntos.

Ambas as probas realizaranse conforme ao temario establecido no Anexo I das presentes bases específicas por cada un dos postos, sendo necesario alcanzar un mínimo do 50% da puntuación en cada exercicio para superalos.

C.- PROBA DE GALEGO

Será obrigatorio a superación dun terceiro exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non acreditasen xunto coa instancia da solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2 ou equivalente (curso de iniciación ou superior).

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2 ou cursos e titulacións equivalentes debidamente homologados polo órgano competente

en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015 do 29 de abril de función pública de Galicia.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 51 da Lei 2/2015 do 29 de abril de función pública de Galicia, este exercicio consistirá nunha proba oral sobre as tarefas propias do posto convocado, cunha duración máxima de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para conseguir dito resultado.

VII.- CUALIFICACIÓN DÓS EXERCIZOS

A puntuación de todos os exercicios será de 0 a 6 puntos, resultando eliminados os aspirantes que non cheguen ao 50% da puntuación en cada un deles.

A cualificación final será a suma dous puntos obtidos na fase de oposición e a puntuación obtida na fase de concurso. En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que en caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados non apartado primeiro deste artigo segundo a orde establecida. De persistir ou empate acudirase á data de ingreso non Corpo ou Escala desde ou que se concurse e, na súa falta, ao número obtido non proceso selectivo.

VIII.- PUBLICIDADE DAS LISTAS

Ao finalizar cada un dos exercicios ou probas da fase de oposición o Tribunal publicará no lugar de exame, no Taboleiro de Edictos Municipal e na páxina Web Municipal, o resultado final dos mesmos, a relación de aspirantes que superaron o exercicio ou a proba con expresión do seu nome, apelidos, DNI e a puntuación obtida. Entenderase que superaron o exercicio ou proba unicamente quen obteña a puntuación mínima esixida para superar cada un dos exercicios ou probas.

Unha vez finalizada a fase de oposición, Tribunal procederá a valoración da fase de concurso e publicará no Taboleiro de Edictos e na Páxina Web Municipal a relación definitiva de aprobados e o prazo para presentar aqueles documentos acreditativos establecidos como requisitos na base IX. En ningún caso o Tribunal poderá declarar que aprobaron o proceso selectivo un número superior ao de postos de traballo convocados para cada praza.

IX.- RELACIÓN DEFINITIVA DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O Tribunal de Selección elevará ao Alcalde Presidente do Concello a proposta definitiva de aspirantes aprobados, para que, no prazo dun MES contado desde o día seguinte ao da publicación, presenten ante a Secretaría Xeral do Concello os seguintes documentos:

A.- Fotocopia do DNI ou Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente, ou documento equivalente para os nacionais doutros Estados debidamente compulsada.

B.- Orixinal ou fotocopia compulsada do Título académico esixible ou certificación académica que acredite realizar todos os estudos para a obtención do título. No caso de titulacións obtidas na estranxeiro fotocopia compulsada da credencial que acredite a homologación que corresponda.

C.- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera Administración ou emprego público, así como, de non acharse inhabilitado penalmente para o exercicio de funcións públicas.

_Para quen non posúan a nacionalidade española, dita declaración referirase a non estar sometidos á sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública

D.- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o desempeño das funcións dos postos de traballo ofertados. Os aspirantes seleccionados que dentro do prazo ditado e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación acreditativa ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados persoal do Concello de Carballo, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A praza non ocupada polo aspirante por non presentar a documentación quedará vacante.

X.- RECURSOS

A presente convocatoria, as súas bases e cuantos actos administrativos sexan ditados no seu desenvolvemento, salvo as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas mediante a interposición do recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o xulgado contencioso-administrativo correspondente, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas – LPACAP-, así como nos arts. 14.2 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto que se recorre, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou calquera outro recurso que estime procedente para a defensa dos seus intereses. Contra os actos do Tribunal poderá

interpoñerse recurso de alzada #ante o Alcalde da Corporación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente Acordo do Tribunal.

XI.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento da obrigaón prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

1.- DATOS DA RESPONSABLE

Identidade do responsable do tratamento: Concello de Carballo, con CIF P2700900 J

Domicilio en Praza v. Portomeñe s/n 27520 Carballo

Teléfono: 982 466 201 Correo electrónico: info@concellocarballo.es

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes: Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e dirección electrónica Datos académicos Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO.

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal. Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento. En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Carballo.

Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nolos nosos procesos de selección de persoal.

5.- DESTINATARIOS

Non se cederán datos a terceiros, salvo obrigaón legal.

6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo común ao Concello de Carballo ou por correo electrónico a info@concellocarballo.es.

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expoñer a correspondente reclamación #ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle.

ANEXO I**MATERIAS COMÚNS:**

Tema 1. A constitución española de 1978: Estrutura. A Administración Local. As Comunidades Autónomas

Tema 2. Dereitos e Deberes dos Funcionarios públicos locais: Dereitos. Deberes. Réxime disciplinario.

MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 3: Mantemento dos equipos infantís, parques públicos, prazas públicas.

Tema 4: Ferramentas e maquinaria empregadas no mantemento de zonas públicas, zonas verdes.

Tema 5: Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador.

Tema 6: O tractor agrícola. Manexo, axustes.

Tema 7: Tipos de traballos máis usuais na conservación de estradas.

Tema 8: Materiais máis utilizados na conservación e mellora de estradas.

Tema 9: Ferramentas de traballo nas brigadas de obras públicas.

Tema 10: Abastecemento de auga a pequenas poboacións. Captación e aforo. Conducións. Redes de distribución de auga. Tipos de redes.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, DE TRES PLAZAS DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO; PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL; PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CARBALLEDO

NOME	
APELIDOS	
DNI	
DIRECCIÓN	
TELÉFONO	
E-mail	
DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA	

AUTORIZO á administración actuante para que proceda ao tratamento dos meus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

DECLARO:

- 1.-Reunir os requisitos sinalados na convocatoria que declaro coñecer.
- 2.-Posuír a capacidade funcional para desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3.-Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario do que separase ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparme inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu estado, nos mesmos termos ao acceso ao emprego público.
- 4.-Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Carballedo,_____ de _____de 20__.

Asdo.: _____”

O presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de UN mes computado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ser impugnado directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de DOUS meses a partir desa mesma data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Carballedo, 10 de decembro de 2019.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3757

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/12/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2019 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/02/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de decembro de 2019.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3758

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE COSPEITO AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición 2 prazas de peóns de servizos múltiples (categoría PEON) para o concello de Cospeito ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “Programa Depuemprego” polo que se achega ao concello de Cospeito a Cantidade de 34.000€.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (en diante TRLEBP).

2.- TEMPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo de duración determinada a xornada completa.

A duración do contrato será de 9 meses .

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

3.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerase polo disposto:

- No artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.

- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.

-Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

-Real Decreto 896//1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Asemesmo esta contratación rexerase polo establecido no Plan único de Colaboración cos concellos da Deputación Provincial de Lugo.

4.- FINANCIAMENTO.

As presentes contratacións están financiadas pola subvención concedida polo establecido nas Bases reguladoras do Plan Provincial único de Cooperación cos concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo ó Concello de Cospeito para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa fomento do emprego 2019-2020.

5.- PUBLICIDADE.-

As presentes bases serán publicadas na páxina web do concello, no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e, en extracto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: -Título de Certificado de escolaridade ou equivalente,

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

7.- FUNCIÓNS.

1.- Os postos están vinculados a área de traballos de de operario de Servizos múltiples do concello de Cospeito, e adscritos ó funcionamento e mantemento de todas as instalacións de propiedade municipal e en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello.

2.- Funcións:

a) Preparación de material e útiles para realización dos distintos traballos diarios.

b) Control e mantemento de todo o material municipal.

c) Vixilancia do axeitado funcionamento das máquinas, vehículos, control e manexo, conducción de vehículos e ferramentas de traballo.

d) Recibir e transportar material municipal.

e) Reparación e mantemento de inmobles e instalacións municipais (reparacións tanto de albanelería como do resto das instalacións fixas, móbiles, portas, persianas, cristais, pintura, calefacción, sistema eléctrico, etc. ...)

f) Limpeza manual e con máquinas de fachadas e borrado de pintura de edificios e espazos públicos.

g) Mantemento de arbolado, xardíns e zoas verdes do municipio, así como das instalacións lúdicas e deportivas.

h) Limpeza de rúas, camiños, prazas, parques dependencias e servizos públicos.

i) Mantemento de rúas e mobiliario urbano, reparacións de veirarúas, construcións de proteccións para peatons, bacheos, reparación de camiños, cunetas, xardines, bancos fontes e parques.

j) Práctica de notificacións no termo municipal.

k) Colaboración na organización de festexos, reunións, actos organizados ou autorizados polo Concello e preparación de infraestruturas para eventos municipais.

l) Cloración, vigilancia e control de la piscina municipal,

ll) Control e vixiancia do alumado público, dando conta ao concello das averías.

m) Traslado, recepción, entrega e recollida de enseres e documentos, relacionadas coa actividade do Concello, tanto dentro como fora do termo municipal.

n)- Reparto de bandos.

ñ) Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móbil para responder a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos

8.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade.

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia solicitando formar parte no proceso selectivo dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 10(dez) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da provincia.

Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento administrativo común as administracións públicas. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentarase a seguinte **documentación** (orixinal ou compulsada) :

- Fotocopia do DNI do interesado ou documento equivalente.
- Titulación académica. Fotocopia do Título de Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
- Fotocopia da documentación acreditativa de méritos que se alegan, e que se sinalan no baremo nos termos sinalados na cláusula 10B.
- Fotocopia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

9.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a resolución de alcaldía que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente art. 23 da Lei 40/2015 RXSP . Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan subscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicárase no tablón de edictos do concello.

10- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

A) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 12 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo Tribunal. Nesta proba valorárase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 4 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 3 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como PEON DE SERVICIOS MULTIPLES en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como PEON en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

c) Experiencia profesional en traballos como OFICIAL -PRIMEIRA en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR: puntuación máxima 1 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á

anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

☐ Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

☐ Duración de 151 a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa **copia compulsada** dos diplomas dos cursos realizados.

3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 1 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

☐ Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

☐ Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.

☐ Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír máis dun curso dos enumerados, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 4 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición.
2. Puntuación obtida na fase de concurso.

11. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

12.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requiridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á legislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de **2 días hábiles** a contar dende a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

13.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

Cospeito, 26 de novembro de 2019.- Alcalde-presidente, Don Armando Castosa Alvaríño.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PRAZA PEON SERVIZOS MULTIPLES

D./D^a. - _____, con
DNI nº _____ e domicilio en - _____,
teléfono nº _____.

EXPÓN:

- 1.- Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Cospeito para cubrir, mediante concurso-oposición, unha praza de peon de servizos múltiples, o prazo previsto nas bases.
- 2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.
- 3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:
 - Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
 - Copia compulsada da titulación académica correspondente.
 - Vida laboral actualizada.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)
 - Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.
 - Permiso de conducir tipo B, de ser o caso.

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____.

A/A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Concello de Cospeito

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º
_____ con domicilio a efectos de notificación
en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2019

Asdo.: _____

ANEXO III

- 1.- A Constitución Española de 1978. Nocións xerais.
- 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Nocións xerais.
- 4.- O Municipio. Peculiaridades do Municipio de Cospeito.
- 5.- Os Concellos: competencias e órganos de goberno.
- 6.- .Reglas básicas de ortografía.
- 7.- Reparacions máis frecuentes: desconchados, grietas, recuperación de esquinas, reposición de axulexos, reparación de pavimento en bruto. Materiales de construción. Tipos e características.
- 8- Ferramentas e Útiles de traballo. Usos, mantemento e riscos no seu manexo.
- 9.- Xardinería, Fontanería, albañilería, electricidade. Conceptos Básicos.
- 10.- .Operacions matemáticas básicas: Sumar, Restar, Multiplicar, Dividir, Regra de tres,.

R. 3759

LUGO*Anuncio*

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito – Crédito extraordinario núm 4/2019 do vixente Orzamento Xeral 2019 prorrogado do 2018, trala rectificación de erro material padecido no acordo núm. 4/108 de Modificación do Orzamento do Concello de Lugo mediante Suplemento de crédito/ Crédito extraordinario Núm 4/2019, adoptado en sesión plenaria do 26 de setembro de 2019.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)**ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 4/2019	CREDITOS TOTAIS INCIDENCIA DO SC-CE
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de Persoal	28.362.011,49		28.362.011,49
2	Gastos en bens correntes e servizos	44.525.609,38	3.673.331,82	48.198.941,20
3	Gastos financeiros	49.100,00		49.100,00
4	Transferencias correntes	6.094.619,48	132.812,50	6.227.431,98
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	297.257,00		297.257,00
	<i>Total operacións correntes</i>	<i>79.328.597,35</i>		<i>83.134.741,67</i>
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	0,00	6.703.846,72	6.703.846,72
7	Transferencias de capital	0,00		0,00
	<i>Total operacións de capital</i>	<i>0,00</i>	<i>6.703.846,72</i>	<i>6.703.846,72</i>
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			

8	Activos financeiros	100.000,00	74.536,00	174.536,00
9	Pasivos financeiros	735.000,00		735.000,00
	<i>Total operacións financeiras</i>	<i>835.000,00</i>	<i>74.536,00</i>	<i>909.536,00</i>
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	80.163.597,35	10.584.527,04	90.748.124,39

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 4/2019	PREVISIÓNS TOTAIS INCIDENCIA DO SC-CE
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	35.306.669,54		35.306.669,54
2	Impostos indirectos	3.393.402,90		3.393.402,90
3	Taxas e outros ingresos	25.706.905,98		25.706.905,98
4	Transferencias correntes	24.259.466,39		24.259.466,39
5	Ingresos patrimoniais	585.445,00		585.445,00
	<i>Total operacións correntes</i>	<i>89.251.889,81</i>		<i>89.251.889,81</i>
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	0,00		0,00
	<i>Total operacións de capital</i>	<i>0,00</i>		<i>0,00</i>
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	100.000,00	10.584.527,04	10.684.527,04
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	<i>Total operacións financeiras</i>	<i>100.000,00</i>	<i>10.584.527,04</i>	<i>10.684.527,04</i>
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	89.351.889,81	10.584.527,04	99.936.416,85

Lugo, 11 de decembro de 2019.- A EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, LARA MÉNDEZ LÓPEZ

R. 3760

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19009686 DO 18/11/2019

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezaioito, adoptou entre outros o acordo 9/701 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018, figurando, entre outras, 1 praza INTENDENTE DA POLICIA LOCAL, Grupo A, Subgrupo A1, escala de administración especial.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de outubro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o acordo 22/682 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD, POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL, A UNA PRAZA DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

Esta Concelleira, no uso das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684 do 01/07/2019 modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso como funcionario de carreira pola quenda de mobilidade horizontal, a UNHA PRAZA DE INTENDENTE da Policía Local, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 22/682 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 23.10.2019, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL DUNHA PRAZA DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

1.- OBXECTO.-

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso como funcionario de carreira pola quenda de mobilidade horizontal, a UNHA PRAZA DE INTENDENTE da Policía Local, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (oferta de emprego público de 2018, aprobada por acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 5 de decembro de 2018), de acordo co disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de temporada, e no que non se opoña ás citadas disposicións, as bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo, en quenda libre.

2.- PROCEDEMENTO.-

De acordo co artigo 40 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, o acceso á categoría de intendente, ao non haber persoal do Corpo da Policía Local de Lugo na categoría de inspector principal (apartado a), realizarase mediante concurso entre funcionarios doutros corpos de policía local de Galicia, que teñan unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nesta de tres anos (apartado b).

No caso de non cubrirse a praza a través da convocatoria establecida no apartado anterior, cubrirase mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo da Policía Local de Lugo coa categoría de INSPECTOR, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía (apartado c).

3.- CARACTERÍSTICAS.-

- a) Denominación da praza: intendente
- b) Escala: técnica (artigo 24 da Lei 4/2007, do 20 de abril)
- c) Grupo de titulación: grupo A; subgrupo A1; escala, administración especial; subescala servizos especiais; clase, policía local e auxiliares.
- d) Retribucións: as retribucións básicas que legalmente correspondan ao grupo A, subgrupo A1 e as complementarias propias do posto de traballo de INTENDENTE da Policía Local de Lugo.
- e) Número de prazas: 1

4.- SISTEMA SELECTIVO.-

De acordo co previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, o sistema será o de **CONCURSO** entre funcionarios doutros corpos de policía local de Galicia.

5.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.-

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que deberán acreditar documentalmente xunto coa solicitude de participación:

- a.- Posuír a nacionalidade española que se acreditará mediante fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b.- Ter unha categoría igual á da convocatoria (*Intendente dos corpos de policía local de Galicia*) e unha antigüidade mínima nela de tres anos. Este requisito acreditarase mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o/a aspirante prestara os seus servizos.

c.- Faltar como mínimo seis anos para o pase previsto á situación de segunda actividade. (*Art. 35 do Decreto 243, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais*).

d.- Estar en posesión da titulación académica correspondente ao grupo A, subgrupo A1.

e.- Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. Deberá entregar copia compulsada dos ditos permisos, comprometéndose mediante declaración a mantelos vixentes ata o momento da súa xubilación.

f.- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das función públicas, nin separado do servizo das administración públicas por expediente disciplinario ou resolución firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

g.- Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se fora o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditada mediante declaración xurada.

i.- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As/os aspirantes deberán unir á solicitude o xustificante de ter ingresado os dereitos de exame. As taxas serán as establecidas na Ordenanza fiscal nº 119 en vigor no momento da convocatoria. O pago da citada taxa farase no modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos”, que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

j.- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Todos estes requisitos, así como estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a excepción do exame previsto na base 14ª letra c) das bases xerais en quenda libre, deberán acreditarlos na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.

6.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Os interesados e interesadas en participar no correspondente proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, podendo remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberán acompañarse da seguinte documentación:

a.- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b.- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados/as deberán unir á solicitude o xustificante de ter ingresado os dereitos de exame.

c.- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

d.- Demais requisitos establecidos na base anterior necesarios para participar neste proceso.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Estado.

7.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou o concelleiro delegado, se fose o caso, ditará resolución pola que se declara aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo da exclusión, sinalándose un prazo de 10 días para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo, publicándose os sucesivos anuncios no Taboleiro de Anuncios do Concello.

8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal cualificador, designado pola Alcaldía, estará composto polos seguintes membros: **presidente/a, tres vogais e un secretario/a**.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos/as respectivos/as suplentes que serán designados/as xunto cos titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, ou tiveran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder á cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas distintas probas, limitándose estes a prestar a súa colaboración nas respectivas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

9.- PROCESO SELECTIVO.-

O procedemento de CONCURSO consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas e polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A.1. Titulacións académicas.

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, as titulacións para baremar serán as seguintes:

- Título universitario de postgrao, doutor/a ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico/a superior, diplomado/a universitario, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a, diplomado/a superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.1: 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A.2. Antigüidade.

Para os efectos de valoración da antigüidade, só se terán en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos o fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.2.: 4,00 puntos.

A.3. Formación e docencia.

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo co seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación *on line*: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo co seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia: 0,20 puntos; aproveitamento: 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia: 0,35 puntos; aproveitamento: 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia: 0,45 puntos; aproveitamento: 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia: 0,50 puntos; aproveitamento: 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia: 0,75 puntos; aproveitamento: 1,00 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia: 1,00 punto; aproveitamento: 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración, os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que teñan transcorrido un período superior a cinco anos dende a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado A.1, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación on line: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular os corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltos nas universidades, administracións públicas ou a través dos planes de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación on line: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en mais dunha ocasión só computará unha vez, excepto que teña transcorrido un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Os méritos deste apartado A.3. deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, de ser o caso.

Puntuación máxima del apartado A.3.: 8,00 puntos.

A.4. Distincións e recompensas oficiais.

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distinción do órgano colexiado competente do Concello: 0,25 puntos.

Puntuación máxima del apartado A.4.: 2,00 puntos.

A.5. Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terán en conta o ciclo ou nivel de mais valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.5.: 4,00 puntos.

A.6. Lingua galega.

- *Celga 1: 0,25.
- *Celga 2: 0,50.
- *Celga 3: 0,75.
- *Celga 4: 1,00.
- Curso de iniciación: 0,75.
- Curso de perfeccionamento: 1,00.
- Curso de linguaxe administrativo nivel medio: 1,50.
- Curso de linguaxe administrativo nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta el título de más nivel de los que se acrediten.

Puntuación máxima del apartado A.6.: 2,00 puntos.

10.- RESULTADO DO PROCESO.-

Finalizada a baremación, o tribunal fará pública a relación de aspirantes admitidos no proceso pola orde de puntuación lograda, no Taboleiro de Anuncios do Concello, e simultaneamente elevará á Alcaldía proposta para nomeamento de funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo do aspirante con maior puntuación, para os efectos de publicación no BOP.

O tribunal non poderá propoñer o acceso o posto dun número superior ao da praza convocada. A cualificación final será o resultado da suma dos méritos xustificadas e avaliados.

Non obstante ao anterior, cando se produza renuncia do/a aspirante seleccionado/a, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do tribunal relación complementaria dos/as aspirantes que sigan ao/á proposto/a, para o seu posible nomeamento. Este requirimento poderá tamén facerse ao tribunal cando o aspirante seleccionado, dentro do prazo fixado na base vixésima das bases xerais, salvo casos de forza maior, non presentase a documentación establecida na dita base ou dela se deducira que carece dos requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias, así como cando o aspirante non tome posesión no período sinalado na base vixésima primeira por causas a el imputable e salvo caso de forza maior.

11.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Conforme ao previsto na Lei de coordinación da policía local de Galicia, artigo 32.1d e 32.3, esta convocatoria e as súas bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e publicarase un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

12.- IMPUGNACIÓN.-

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas."

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 18 de novembro de 2019.- Tta. de Alcaldesa, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3761

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 19009687 DO 18/11/2019**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o acordo 11/176 MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018 DO CONCELLO DE LUGO SEGUNDO O DISPOSTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL CENTÉSIMA SESAXÉSIMA QUINTA. TAXA ADICIONAL DE REPOSICIÓN DA POLICÍA LOCAL.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo Núm. 101 do 4 de maio de 2019 e DOG nº 118 do 24 de xuño de 2019.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de outubro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o acordo 23/683 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD, POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL, A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Esta Concelleira, no uso das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684 do 01/07/2019 modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso como funcionario/a de carreira pola quenda de mobilidade horizontal, a dúas prazas de Oficial, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 23/683 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 23.10.2019, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

1.- OBXECTO

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso como funcionario/a de carreira pola quenda de mobilidade horizontal, a dúas prazas de Oficial, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, de acordo co disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, e a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e no que non se opoña ás citadas disposicións, as bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral o Concello de Lugo, en quenda libre.

2.- CARACTERÍSTICAS

a) Denominación das prazas: Oficial

b) Grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; administración especial; escala: básica; categoría: oficial.

c) Retribucións: as retribucións básicas que legalmente corresponda ao grupo C, subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo de oficial.

d) Número de prazas: 2

3.- SISTEMA SELECTIVO

De acordo co previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 6/2016, do 8 de xullo, o sistema será o de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- REQUISITOS DAS E DOS ASPIRANTES

1.- Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que deberán acreditar documentalmente xunto coa solicitude de participación:

a) Posuír a nacionalidade española que se acreditará mediante a fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos. Este requisito acreditarase mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que a/o aspirante prestara os seus servizos. Ademais conforme ao previsto no artigo 35.e do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, ao persoal

funcionario participante deberalle de faltar como mínimo oito anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

c) Estar en posesión do título de bacharelato ou técnico, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.

d) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. Deberá achegar copia compulsada dos ditos permisos, comprometéndose mediante declaración a mantelos vixentes ata o momento da súa xubilación.

e) Non ter sido condenada/o por delito doloso, nin estar inhabilitada/o para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que a/o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

f) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que a/o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

g) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.

h) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As/os interesadas/os deberán unirle á solicitud o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 15,15 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas en prezo públicos” que se atopa a disposición das/dos interesadas/os nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo.

i) Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

2. Todos estes requisitos, así como estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a exención do exame previsto na base 14ª letra c) das bases xerais en quenda libre, deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e/ou interesadas deberán unirle á solicitud o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame.

c) Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

d) Demais requisitos establecidos na base anterior necesarios para participar neste proceso.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador publicarse xuntamente á publicación da lista definitiva de admitidos/as.

8.- PROCESO SELECTIVO

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polas/polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A) Titulacións académicas. As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

A.1) Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

A.2) Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

A.3) Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias políticas ou equivalente: 1,50 puntos.

A.4) Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos, se é o caso, de posuír outra adicional a de requisito de acceso.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Deberá achegar o aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

B) Antigüidade: para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

B.1) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.

B.2) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.

B.3) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

C) Formación e docencia:

C.1) Formación profesional continua:

C.1.1) Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valoradas de acordo co seguinte baremo:

a) Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

b) Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.

c) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

d) Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua serán valorados de acordo co seguinte baremo:

a) Ata 20 horas lectivas: só asistencia: 0,20 puntos; aproveitamento: 0,30 puntos.

b) Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia: 0,35 puntos; aproveitamento: 0,50 puntos.

c) Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia: 0,45 puntos; aproveitamento: 0,65 puntos.

d) Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia: 0,50 puntos; aproveitamento: 0,75 puntos.

e) Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia: 0,75 puntos; aproveitamento: 1,00 puntos.

f) Máis de 200 horas lectivas: só asistencia: 1,00 puntos; aproveitamento: 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe 1 anterior (titulacións académicas), nin a superación de materias destes.

C.2) Docencia:

C.2.1) A participación como profesor/a en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.

b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2) A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe (formación e docencia) deberán acreditarse dentro do prazo establecido nestas bases mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

D) Distincións e recompensas oficiais:

a) Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.

b) Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.

c) Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto

d) Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.

e) Distinción do órgano colexiado competente do Concello: 0,25 puntos.

E) Idiomas: o coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado da Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación de ciclo elemental: 1,00 punto

- Certificado de superación de ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis

- Certificado de superación nivel básico: 0,65 puntos.

- Certificado de superación nivel intermedio: 1,30 puntos

- Certificado de superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

F) Lingua galega.-

- Celga 1: 0,25

- Celga 2: 0,50

- Celga 3: 0,75

- Celga 4: 1,00

- Curso de iniciación: 0,75

- Curso de perfeccionamento: 1,00

- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50

- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

9.- RESULTADO DO PROCESO.-

Rematada a baremación, o tribunal fará pública a relación de aspirantes admitidos no proceso pola orde de puntuación acadada, no Taboleiro de Anuncios do Concello, e simultaneamente elevaraa a Alcaldía, para os efectos de publicación no BOP.

O tribunal non poderá propoñer o acceso ao posto dun número superior ás prazas convocadas. A cualificación final será o resultado da suma dos méritos xustificados e avaliados.

No obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos/das aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do tribunal relación complementaria dos/das aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento. Este requirimento poderá tamén

facerse ao tribunal cando os/as aspirantes seleccionados, dentro do prazo fixado na base vixésima das bases xerais, agás casos de forza maior, non presenten a documentación establecida na devandita base ou dela se deducise que carece dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como cando o/a aspirante non tome posesión no período sinalado na base vixésima primeira por causas a el/ela imputables e salvo causa de forza maior.

10.- En todo o demais estarase ao disposto nas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvase expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

11.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Conforme ao previsto na Lei de coordinación da policía local de Galicia, artigo 32.1d e 32.3, esta convocatoria e as súas bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, publicándose un anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 18 de novembro de 2019.- Tta. de Alcaldesa, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 3762

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19000552 DO 25/01/2019

Visto que polo Decreto número 18003488, do 2 de maio de 2018, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a, (incluída na oferta pública de emprego do ano 2015), pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá, tanto polas “Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre”, aprobadas pola xunta de goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017; como polas Bases específicas aprobadas por acordo nº 13/710 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 22.11.2017.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” núm. 129, de 7 de xuño de 2018, e publicado extracto da convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 149, de 6 de agosto de 2018.

Asemade, no “Boletín Oficial do Estado” núm. 311, de 26 de decembro de 2018, foi inserido anuncio para prover a praza obxecto da convocatoria.

Visto que con data 15 de xaneiro de 2019 rematou o prazo de presentación de solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 18003488, do 2 de maio de 2018, para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se indica a continuación:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
BRANDARIZ SEOANE, MARÍA	***254K
CARRODEGUAS RODRÍGUEZ, IVÓN	***997X
CEDRÓN MARTÍNEZ, RICARDO	***232X
CIDERES PAZ, BEGOÑA	***840X
DEL RÍO RODRÍGUEZ, CARMEN	***430K
DÍAZ FERNÁNDEZ, RAÚL	***884M
DÍAZ LÓPEZ, EVA	***976J
GARCÍA REY, ANDRÉS	***577D
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, IRIA	***597W
IGLESIAS VARELA, MARÍA ELISABETH	***716Y
LÓPEZ PÉREZ, ROCÍO	***716E
LÓPEZ VILLAR, CARMEN	***736L
NOGUEIRA PIÑEIRO, NOEMÍ	***820F
ORRO ARCAY, ELENA	***119S
PARDOS RODRÍGUEZ, SABELA	***003N
PÉREZ RAMOS, ELENA MARÍA	***648C
REQUEJO PECCIS, JESÚS ENRIQUE	***832J
SANMILLÁN VILLAR, MARÍA DEL CARMEN	***270L
TOMÉ LÓPEZ DE SILANES, EUGENIO LUIS	***562G
TORRES POSE, MARÍA	***664Q
VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, ANA MARÍA	***329E
VILAS FERNÁNDEZ, ANA BELÉN	***079S

1. EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
PÉREZ RAMÍREZ, IRIA	***311P	Non achega fotocopia compulsada da titulación esixida.
ROCHA CARRO, JUAN JOSÉ	***970X	Non achega fotocopia compulsada da titulación esixida.
SANTOMÉ RUBAL, LUCAS	***836K	A titulación achegada non se corresponde coa esixida para o acceso á praza.
SEOANE CAZÓN, EVA MARÍA	***739W	Non achega fotocopia compulsada da titulación esixida.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 25 de xaneiro de 2019.- Tenente Alcalde , Xose Daniel Piñeiro Vilares.

R. 3778

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE NOVIEMBRO 2019.

Por Resolución de alcaldía de nove de decembro de 2019 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 7 de xaneiro de 2020 ao 9 de marzo de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 7 de xaneiro de 2020 ao 9 de marzo de 2020**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 11 de decembro de dous mil dezanove.

A Pontenova, 11 de decembro de 2019.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3763

SARRIA

Anuncio

Expediente núm.: 1614/2019

Procedemento: Corrección de erros da modificación artigo 3 apartado 3 da OF IBI

DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS DA PUBLICACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI. DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ.

O Pleno do Concello de Sarria na sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019 acordou a aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (artigo 3, apartado terceiro) expediente 1614/2019, que en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicouse no BOP de 5 de decembro de 2019, número 279.

Detectouse un erro material na redacción do acordo do pleno e na publicación definitiva no BOP.

Onde di *“TERCEIRO. Para o caso específico de que nos inmobles se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais declaradas de especial interese ou utilidade municipal aplicaranse as seguintes bonificacións:*

Gozarán dunha bonificación de ata 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean situados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración...”

Debe dicir: *“TERCEIRO. Para o caso específico de que nos inmobles se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais declaradas de especial interese ou utilidade municipal aplicaranse as seguintes bonificacións:*

Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean situados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración...”

Conforme ao artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 Outubro (procedemento administrativo común de las administracións públicas) e tendo en conta a urxencia para que esta corrección sexa publicada no BOP antes do novo exercicio, **ACORDO:**

PRIMEIRO: Corrixir o erro detectado. O texto completo queda como segue:

TERCEIRO. Para o caso específico de que nos inmobles se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais declaradas de especial interese ou utilidade municipal aplicaranse as seguintes bonificacións:

Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean situados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto non declaradas de especial interese ou utilidade municipal, aplicaráselle a seguinte bonificación:

a) Unha bonificación do 80% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 100% ou igual ou superior ao 70% do valor catastral total do inmovible.

b) Unha bonificación do 60% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 70% ou igual ou superior ao 50% do valor catastral total do inmovible.

c) Unha bonificación do 40% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 50% ou igual ou superior ao 30% do valor catastral total do inmovible.

d) Unha bonificación do 20% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 30% ou igual ou superior ao 10% do valor catastral total do inmovible.

e) Unha bonificación do 5% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 10% do valor catastral total do inmovible."

O inmovible virá identificado pola correspondente referencia catastral.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte á presentación da solicitude. Xunto coa solicitude da bonificación presentarán a certificación catastral na que se acredite a titularidade do inmovible e o uso agrario da construción.

A bonificación manterase para exercicios futuros sempre e cando se manteñan as condicións ou requisitos esixidos para a aplicación do beneficio fiscal. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación da bonificación. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura do devandito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual maneira procederase cando sexa a Administración a que coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou requisitos para a aplicación da bonificación.

SEGUNDO. Proceder á publicación no BOP deste decreto.

TERCEIRO. Este decreto será sometido a consideración do Pleno de Sarria, para a súa ratificación.

Sarria, 10 de decembro de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3764

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE SARRIA

Considerando os cambios no grupo de goberno como consecuencia da renuncia de dona M^a Elena Real Rodríguez e a incorporación de don José Manuel Escudero Tomás.

Visto que o réxime local vixente establece a posibilidade de delegación por parte da Alcaldía de certas atribucións en Tenentes de Alcalde e calquera outro Concelleiro aínda que non pertenza á Xunta de Goberno Local,

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:

1º. Delegar as competencias das seguintes áreas de Goberno nos Concelleiros que se indican:

ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁN, EMERXENCIAS, MOBILIDADE E ORDENACIÓN DO TRÁFICO E DEPORTE.

COORDINADOR DE ÁREA: FELIX SEIJAS FERNÁNDEZ

Policía Local e Seguridade cidadán.

Ordenación do tráfico rodado, emerxencias e protección civil municipal.

Xestión da política deportiva e programación das actividades deportivas municipais.

Xestión, dirección e planificación de todas as edificacións e instalacións deportivas municipais.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL.

COORDINADOR DE ÁREA: BENJAMIN ESCONTELA

Xestión e dirección da Residencia Nuestra Señora del Carmen.

Xestión da Axuda no fogar.

Xestión e dirección da Conciliación familiar e laboral.

Xestión e dirección do Servizo Municipal de Mobilidade a domicilio.

CONCELLEIRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E DA ÁREA DE CULTURA.

COORDINADOR DE ÁREA: REYES ABELLA GARCÍA

Xestión da política cultural e programación das actividades culturais e municipais.

Xestión e dirección da Biblioteca Municipal, Escola de Música.

Xestión e dirección de monumentos e patrimonio artístico, histórico e cultura e de todos os seus edificios, a Casa da Cultura, o cárcere Comarcal e a Casa do Marqués.

Xestión e promoción do Camiño Francés de Santiago.

ÁREA DE SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL E SERVIZOS MUNICIPAIS.

COORDINADOR DE ÁREA: PEDRO LÓPEZ QUIROGA

Xestión e planificación medioambiental.

Política de información e educación medioambiental e fomento das actividades relacionadas co medio ambiente no territorio municipal.

Xestión, mantemento e conservación dos servizos municipais, ciclo da auga e xestión das depuradoras.

Xestión de residuos urbanos e políticas de redución e reciclaxe.

Xestión da limpeza viaria municipal.

Xestión do Punto Limpo e recollida de voluminosos e plásticos rurais.

Xestión de parques, xardíns e espazos públicos, conservación e mantemento.

Xestión das políticas municipais sobre os animais domésticos.

ÁREA DE OBRAS, VÍAS PÚBLICAS, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL.

COORDINADOR DE ÁREA: JOSÉ MARÍA ESCUDERO TOMÁS

Xestión das obras e infraestruturas en zona urbana e zona rural, renovación, reparación e conservación de vías e espazos públicos.

Xestión, planificación e execución de obras e infraestruturas en zona urbana e rural.

Mantemento e conservación do mobiliario urbano.

Xestión, mantemento e conservación do alumeadado público.

Inventario dos bens e patrimonio municipais, e defensa dos mesmos.

ÁREA EDUCACIÓN, FESTAS, MULLER, XUVENTUDE E INTEGRACIÓN.

COORDINADOR DE ÁREA: M^a EUGENIA VALCARCEL LÓPEZ.

Xestión da Atención a persoas maiores e do Centro Social Municipal do Breogán.

Xestión e dirección do matadoiro comarcal de Sarria.

Colaboración ca Comunidade Educativa en actividades e programas educativos.

Xestión, planificación, conservación e mantemento dos edificios e instalacións educativas municipais e concentradas con outras administracións.

Xestión e dirección das Escolas, Colexios e edificios rurais de titularidade municipal.

Centro de Información da Muller (CIM).

Programa de promoción de igualdade de xénero e social.

Políticas de muller e loita contra a violencia de xénero.

Programación de actividades de ocio e tempo libre da xuventude

Políticas de integración.

Xestión e dirección das accións dirixidas a festas, feiras, mercados e eventos de carácter económico, comercial, gastronómico e social.

O alcance das delegacións abranguen a dirección, inspección e impulso dos diferentes servizos sen facultades resolutorias.

2º. A publicación desta Resolución no BOP de Lugo así como a notificación correspondente aos Concelleiros para o seu coñecemento e efectos, dando conta igualmente ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Así o mandou e asina o Sr. Alcalde, de que certifico.

Sarria, 19 de novembro de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3765

MINISTERIO DE FOMENTO**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 11 DE DECEMBRO DO 2019 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONES DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPREGO NA PROVINCIA DE LUGO.

BDNS (Identif.): 485884

SUBVENCIONES DESTINADA AO FOMENTO DO EMPREGO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b y 20.8ª de la Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro: Finalidade e obxecto

A finalidade deste programa é a de contribuír a mellora da empregabilidade mediante a formación a través da Medida 8.2.3.1, “GENERATE TU EMPLEO EN EL RURAL” consistindo na financiación dos custos directos de formación en materia de autoemprego e creación de empresas, así coma de formación específica en materias de sectores concretos: hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e mediambiente, por considerarse estes sectores emerxentes e de gran potencialidade na nosa provincia.

Esta orde ten por obxecto establecer unha convocatoria para seleccionar os mozos e mozas dentro dun programa de formación no que cobrarán unha axuda económica, que sirva para afincar os mozos no rural e así combater o reto demográfico dando unha oportunidade os mozos e mozas da provincia de Lugo que se atopen empadroados nalgún dos concellos participantes relacionados no Anexo I e inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil.

Segundo: Beneficiarios

Está dirixida aqueles mozos e mozas que desexen participar na formación dalgunha das materias específicas propostas e que cumpran cos requisitos definidos no artigo 3, que queiran asentarse a súa vivenda nalgún concello dos participantes definidos no Anexo I destas bases.

Terceiro: Requisitos dos Mozos participantes

Os mozos e mozas participantes deberán cumprir as obrigas e requisitos esixidos nesta orde e na normativa xeral do programa Real Decreto 1234/2018 de 5 de Outubro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Mozos e mozas maiores de 16 e menores de 30 anos no momento da solicitude. Para o caso de cumprir os 30 anos en breve, poderá ser destinatario destas axudas sempre e cando inicie a súa participación no programa antes de que transcorran 4 meses dende o seu cumprimento, neste caso específico poderá finalizar a participación no mesmo.
- b) Estar inscritos no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil.
- c) É obriga indispensable que os mozos e mozas beneficiarios de calquera medida estean empadroados durante o período de vixencia da subvención nalgún dos municipios definidos no artigo 2 do Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, e recollidos no Anexo I - Listaxe Concellos desta convocatoria.
- d) Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia

Cuarto: Actuacións subvencionables

Os mozos e mozas beneficiarios da formación percibirán unha axuda económica por cada día de asistencia para compensar os gastos que esta puidera ocasionar, de 13,45€ por día de asistencia. As faltas de asistencia aínda que sexan xustificadas non serán obxecto de abono. A xornada diaria será de 5 horas de formación.

No caso de producirse un abandono durante a formación non se pagará a parte proporcional dos días de asistencia.

Quinto: Forma e prazos de presentación da solicitude

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de adhesión presentaranse preferentemente telemáticamente a través da sede electrónica: <http://sede.deputacionlugo.org> ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o seguinte a publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións.

LUGO, 11 de decembro de 2019.- O Presidente da Deputación, José Tomé Roca.

R. 3766